



| Guía Docente          |   |                    |                       |          |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                       | 2023/24  |
| Asignatura (*)        | Análise de Estados Financeiros  | Código             | 662G01027             |          |
| Titulación            | Grao en Turismo   |                    |                       |          |
| Descritores           |   |                    |                       |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                  | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Terceiro           | Obrigatoria           | 6        |
| Idioma                | Galego  |                    |                       |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                       |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                       |          |
| Departamento          | Empresa   |                    |                       |          |
| Coordinación          | Rodrigues Soares, Jakson Renner   | Correo electrónico | jakson.soares@udc.gal |          |
| Profesorado           | Rodrigues Soares, Jakson Renner   | Correo electrónico | jakson.soares@udc.gal |          |
| Web                   |   |                    |                       |          |
| Descrición xeral      | Estudo e interpretación da información económico-patrimonial, co obxecto de diagnosticar a posición e a evolución da empresa turística no mercado. Análise da situación financeira a curto e longo prazo, análise de resultados e estudo de rendibilidades. |                    |                       |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A2                                  | Analizar a dimensión económica do turismo.   |
| A5                                  | Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.  |
| A9                                  | Analizar, sintetizar e resumir criticamente a información económico-patrimonial das organizacións turísticas.  |
| A10                                 | Xestionar os recursos financeiros.   |
| A12                                 | Dirixir e xestionar (management) os distintos tipos de entidades turísticas.   |
| B1                                  | Capacidade de análise e síntese.   |
| B2                                  | Comunicación oral e escrita en lingua nativa.  |
| B3                                  | Resolución de problemas.   |
| B4                                  | Razoamento crítico.  |
| B5                                  | Compromiso ético.  |
| B6                                  | Aprendizaxe autónoma.  |
| B7                                  | Adaptación a novas situacións.   |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C2                                  | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C3                                  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5                                  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe |
|---------------------------|
|---------------------------|



| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |          |                |
|--|-------------------------------------|----------|----------------|
|  | A2                                  | B1       | C1             |
| Buscar, recompilar, manexar e extraer conclusións da información económica.                                      |                                     |          | C2<br>C6<br>C7 |
| Coñecer as fontes de información para a investigación turística.   | A5                                  | B1<br>B3 | C3<br>C5<br>C8 |
| Acceder ás distintas fontes de información.  | A5                                  | B6       | C3<br>C6       |
| Analizar, interpretar e inferir datos e resultados.  | A5                                  | B1<br>B3 | C6             |
| Coñecer os sistemas e procedementos contables e financeiros aplicados ás empresas turísticas.                    | A9                                  | B1<br>B3 | C6             |
| Coñecer as ferramentas necesarias para a análise dos estados contables e os criterios para a súa interpretación. | A9                                  | B1<br>B3 | C6             |
| Elaborar e interpretar a información contida nos distintos estados contables.                                    | A9                                  | B1<br>B4 | C6             |
| Comprender e elaborar a información financeira para os usuarios internos e externos.                             | A9                                  | B4<br>B6 | C6             |
| Coñecer as principais fontes de financiamento das empresas turísticas.   | A10                                 | B6       | C3             |
| Resolver situacións de desequilibrio económico financeiro.   | A10                                 | B3<br>B7 | C4             |
| Detectar oportunidades para mellorar a situación económico financeira da empresa.                                | A10                                 | B4<br>B7 | C4             |
| Dirixir, coordinar e controlar o departamento contable das empresas turísticas.                                  | A12                                 | B2<br>B5 | C4             |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| TEMA 1. INTRODUCCIÓN Á ANÁLISE DE ESTADOS FINANCEIROS | 1.1. CONCEPTO E OBXECTIVOS DA ANÁLISE DE ESTADOS FINANCEIROS.<br>1.2. OS PROBLEMAS DAS EMPRESAS E AS SÚAS CAUSAS.<br>1.3. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO EMPRESARIAL.<br>1.4. DATOS COMPLEMENTARIOS Á ANÁLISE DE ESTADOS FINANCEIROS.<br>1.5. LIMITACIÓNS DA ANÁLISE.                           |
| TEMA 2. ESTADOS FINANCEIROS                           | 2.1. BALANCE DE SITUACIÓN.<br>2.2. A CONTA DE PERDAS E GAÑOS.<br>2.3. ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO.<br>2.4. ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO.<br>2.5. MEMORIA, INFORME DE XESTIÓN E INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS.<br>2.6. MANIPULACIÓNS CONTABLES E MAQUILLAXE DE CONTAS ANUAIS. |
| TEMA 3. ANÁLISE DO BALANCE DE SITUACIÓN               | 3.1. OBXECTIVOS E ASPECTOS PREVIOS.<br>3.2. ESTRUCTURA DO BALANCE IDEAL.<br>3.3. CONCEPTO E USO DE RATIOS.<br>3.4. PRINCIPAIS RATIOS PARA ANALIZAR BALANCES.<br>3.5. O PODER PREDICTIVO DAS RATIOS.  |



|   |  |
|---|--|
| TEMA 4. ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GAÑOS                              | <p>4.1. OBXECTIVOS DA ANÁLISE.</p> <p>4.2. ANÁLISE DA MARXE POR PRODUCTOS.</p> <p>4.3. CÁLCULO DO UMBRAL DE RENDIBILIDADE.</p> <p>4.4. ANÁLISE DOS GASTOS.</p> <p>4.5. ANÁLISE DA PRODUTIVIDADE, DA EFICACIA E DA EFICIENCIA.</p> <p>4.6. AVALIACIÓN DO NIVEL DE CALIDADE.</p> |
| TEMA 5. RENDIBILIDADE, AUTOFINANCIACIÓN E CRECEMENTO. FONDO DE MANIOBRA | <p>5.1. ESTUDO DA RENDIBILIDADE.</p> <p>5.2. APALANCAMENTO FINANCEIRO.</p> <p>5.3. AUTOFINANCIACIÓN.</p> <p>5.4. CRECEMENTO DA EMPRESA: CAPACIDADE E TIPOLOXÍA.</p> <p>5.5. CONCEPTO E IMPORTANCIA DO FONDO DE MANIOBRA.</p> <p>5.6. AS NECESIDADES DE FONDO DE MANIOBRA.</p>  |

| Planificación           |   |   |                         |              |
|-------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas   | Competencias / Resultados                                     | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba de resposta breve | A2 A5 B1 B2 B6 B7<br>C1                                       | 1                                       | 2.5                     | 3.5          |
| Resumo                  | A2 A5 A9 A10 B1 B4<br>B6 B7 C3 C4                             | 4                                       | 12                      | 16           |
| Solución de problemas   | A2 A5 A9 A10 A12 B1<br>B2 B3 B4 B6 B7 C1<br>C2 C3 C5 C6 C7 C8 | 10                                      | 25                      | 35           |
| Sesión maxistral        | A2 A5 A9 A10 A12 B3<br>B4 B5 C3 C6 C7                         | 15                                      | 37.5                    | 52.5         |
| Traballos tutelados     | A9 B1 B2 B4 B5 C1<br>C8                                       | 5                                       | 12.5                    | 17.5         |
| Aprendizaxe servizo     | A12 B1 B2 B3 B4 B5<br>B6 C1 C3 C4 C7 C8                       | 4                                       | 10                      | 14           |
| Proba obxectiva         | A2 A5 A9 A10 A12 B1<br>B2 B3 B4 B6 B7 C1<br>C4 C6             | 3                                       | 7.5                     | 10.5         |
| Atención personalizada  |   | 1                                       | 0                       | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías            |  |
|-------------------------|--|
| Metodoloxías            | Descrición   |
| Proba de resposta breve | O exame incluíra problemas para que o alumnado responda a preguntas teóricas de resposta curta e/ou preguntas sobre o estudo de casos relacionadas coa materia.  |
| Resumo                  | Ao redor dos diferentes temas propoñeráse a realización de tantos resumos como considere o profesor. As temáticas para analizar serán seleccionadas de modo que estas sexan útiles como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completadas mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor. |
| Solución de problemas   | O alumnado terá que resolver as situacións problemáticas concretas, a partir dos coñecementos que se traballaron en clases. Esas actividades serán propostas ao longo do curso e poderán ser resolvidas presencialmente en clases ou con traballo autónomo do alumnado.  |



|                     |  |
|---------------------|--|
| Sesión maxistral    | Nesa actividade traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introducción de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción de coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.  |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado, baixo a tutela da persoa docente e en escenarios variados (académicos e profesionais). Nesa metodoloxía o alumnado asume a responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do estudantado e o seguimento desa aprendizaxe polo docente-titor. O alumnado poderá realizar o traballo baixo a metodoloxía de Aprendizaxe e Servizo ApS, desenvolvendo o seu traballo nun contexto real e en conxunto con outros colectivos<br><br>Nas titorías planificarase o traballo que debe presentar o alumnado a final de curso. Nesa etapa poderase traballar tamén coa metodoloxía COIL para intercambio online entre o alumnado da materia con alumnado de outras universidades. |
| Aprendizaxe servizo | Trátase dunha actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partir da práctica reflexiva. O alumnado aplicará os coñecementos xerados nas clases á unha situación práctica ofrecendo servizo á comunidade.<br><br>O docente propoñerá os temas do traballo e o alumnado terá que dar solución seguindo as instrucións en clases.   |
| Proba obxectiva     | A proba consistirá na resolución dun exame final que versará sobre aspectos do análise contable. Esa proba consta de varios tipos de preguntas: tipo test, verdadeiro ou falso, resolución de exercicios prácticos para a elección da resposta correcta.   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías  | Descrición  |
|---|---|
| Resumo<br>Solución de problemas<br>Traballos tutelados<br>Aprendizaxe servizo | A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo directo co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.<br><br>O xeito e o momento no que se desenvolverá será indicado en relación a cada actividade, ao longo do curso, segundo o plan de traballo da materia. |

### Avaliación

| Metodoloxías            | Competencias / Resultados | Descrición   | Cualificación |
|-------------------------|---------------------------|--|---------------|
| Proba de resposta breve | A2 A5 B1 B2 B6 B7<br>C1   | Consistirá na realización, en data establecida polo docente, dunha proba de respostas breve que recolla os contidos teóricos e prácticos dos diversos bloques temáticos da materia.<br><br>O profesor poderá propor un problema e o alumnado responderá as preguntas realizadas.<br><br>Valoraránse os coñecementos teóricos e prácticos de análise contable adquiridos ó longo das sesións maxistras. | 30            |



|                 |   |  |    |
|-----------------|---|--|----|
| Resumo          | A2 A5 A9 A10 B1 B4<br>B6 B7 C3 C4                 | <p>O alumnado realizará resumos ao longo do curso de acordo co solicitado polo docente.</p> <p>O asunto dos resumos serán determinados ao decorrer do curso e estarán relacionados con aspectos tanto teóricos como prácticos. así mesmo, poderán estar relacionado con traballos e resolución de exercicios propostos en clases.</p> <p>En relación coa presentación oral dos resumos, valorarase a claridade das opinións expostas verbo:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Dos temas que se especifican no programa da materia.</li><li>2. Da resolución de problemas contables.</li></ol> | 30 |
| Proba obxectiva | A2 A5 A9 A10 A12 B1<br>B2 B3 B4 B6 B7 C1<br>C4 C6 | Consistirá na realización, en data oficialmente establecida, dunha proba obxectiva que recolla os contidos teóricos e prácticos dos diversos bloques temáticos da materia.   | 40 |

Observacións avaliación



## Criterios de avaliación en PRIMEIRA OPORTUNIDADE.

A nota final do curso calcularase do seguinte xeito: RESUMO (30%) + PROBA DE RESPONSA BREVE (30%) + PROBA OBXECTIVA (40%).

Todos as partes serán realizadas de maneira presencial.

Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do sumatorio das 3 partes obxecto de avaliación: resumo, proba de resposta breve e proba obxectiva.

Para realizar o sumatorio das tres partes da avaliación (resumo, proba de respostas breve e proba obxectiva), o alumnado debe obter unha puntuación do 50% da Proba Obxectiva (2,0 sobre 4,0 puntos). En caso de non superar ese umbral de 50%, a nota do alumnado en primeira convocatoria será a da Prova Obxectiva.

## Criterios de avaliación en SEGUNDA OPORTUNIDADE.

Para a segunda oportunidade só se garda a nota do apartado Resumo. Nesta ocasión, o alumnado realizará unha Proba Final que constará de dúas partes: un apartado para resposta breve e outro con preguntas obxectivas.

Para superar a materia en segunda oportunidade é necesario obter unha puntuación do 50% do sumatorio das 2 avaliacións (Resumo + Proba Final). Para realizar o sumatorio das partes o alumnado debe obter unha puntuación do 50% da Proba Final.

A ENTREGA DOS RESUMOS incluídos na parte práctica realizarase exclusivamente a través da plataforma Moodle (salvo que o profesor indique o contrario) e cumprindo o prazo de entrega establecido. Aqueles traballos incluídos na parte práctica entregados fóra de prazo ou non entregados serán clasificados como "non presentados". O feito de non asistir a unha exposición oral tamén implicará a cualificación de "non presentado" para ese exercicio. Para os efectos do cómputo da nota final dos resumos, a non presentación dalgunha das tarefas penalizará coa resta na nota final da parte práctica do valor atribuído á citada tarefa non presentada.

Os únicos utensilios cos que se permite acceder ao recinto onde se realiza as probas son os básicos para contestar o exame: lapis, bolígrafo ou bolígrafo, goma de borrar e calculadora electrónica non programable.

Queda expresamente prohibido o acceso ao lugar do exame con: a) teléfonos móbiles e calquera outro dispositivo que permita a comunicación remota e/ou o almacenamento de información; b) Apuntes, anotacións, libros ou material similar que non estivese expresamente autorizado na convocatoria do exame ou no campus virtual da materia. O incumprimento desta norma supón que a proba se considera realizada con fraude, e iso independentemente de que durante a proba os usou ou non quen dispoña de tales aparellos ou do material indicado na zona da proba.

O alumnado deberá acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

Segundo o establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación de títulos dos estudos de grao e posgrao" (aprobadas o 19/12/2013 e modificadas o 29/06/2017) no Art. 21.2: Considerarase como "Non presentado" (NP) a aquel alumnado que, estando matriculado na materia, non asista ás diferentes actividades de avaliación establecidas para o curso académico.

Deste xeito, clasificarase como "Non presentado" cando:

- Non completar o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuran na guía docente, ou
- Non realizar a proba durante o período oficial de avaliación.

## ÉTICA ACADÉMICA

Considerarase que se comenten prácticas ilícitas cando o alumnado actúa para defraudar ou tratar de defraudar aos sistemas de comprobación e avaliación do rendemento académico, así como o incumprimento das normas establecidas polo profesor para realización de traballos.

Os traballos nos que se detecten prácticas ilícitas serán cualificados cun 0;

Recórdase ao alumnado que o uso de calquera axuda ou dispositivo na prova final está totalmente prohibido, e no caso de utilizar calquera soporte non permitido ficará automaticamente suspenso independentemente da nota obtida na prova mixta e dos traballos realizados. Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido no artigo 14 das "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario".

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa ao inicio do cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/adi/apoioalumnado/>); en defecto, co tutor ou tutora ADI da Facultade de Turismo.

## REGLAMENTO DISCIPLINAR DO ESTUDANTADO DA UDC (Artigo 11, apartado 4 b)

Cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometa a falta de respecto á materia en que se cometeu: o alumno será cualificado con "suspenso" (grado numérico 0) na convocatoria correspondente do curso académico, se se produce a comisión da falta. na primeira oportunidade como na segunda. Para iso modificarase a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, de ser o caso.



## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Oriol Amat (2008). Análisis de Estados Financieros. Fundamentos y aplicaciones. Ediciones Gestión 2000</li> <li>- Julián González Pascual (2016). Análisis de la empresa a través de su información económico-financiera: aplicaciones prácticas (e-book). Pirámide</li> <li>- Jose Antonio Ortega Martínez (2006). Análisis de Estados Financeiros (e-book). Desclee de Brouwer</li> <li>- Oriol Amat (2008). Análisis Económico - Financiero. Ediciones Gestión 2000</li> </ul> <p>Amat, O.: "Análisis de Estados Financieros. Fundamentos y aplicaciones", Ediciones Gestión 2000, Barcelona, 2008. Amat, O.: "Análisis Económico - Financiero", Ediciones Gestión 2000, Barcelona, 2008. ACCID: "Normas Internacionales de Información Financiera", Asociación Catalana de Contabilidad y Dirección, Barcelona, 2007. Plan General de Contabilidad. Real Decreto 1514/2007, 16 de noviembre. Plan General de Contabilidad de PYMES. Real decreto 1515/2007, 16 de noviembre.</p> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |   |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Contabilidade Financiera/662G01011

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Contabilidade de custos/662G01017

## Observacións

Recoméndase ao alumnado traballar de xeito continuado nos contidos da materia ao longo de todo o curso. Tamén se recomenda que manteña unha comunicación aberta co profesor a través das titorías persoais. Recoméndase que antes de cada clase teórica o alumnado lea e prepare o tema que será presentado, empregando o manual básico da materia. Finalmente, é recomendable que o alumnado utilice o horario establecido de titoría para realizar consultas e esclarecer dúbidas da materia. PERSPECTIVA DE XÉNERO Tal e como recolle a diferente normativa aplicable á docencia universitaria, nesta materia deberá incorporarse a perspectiva de xénero (utilizarse unha linguaxe non sexista, empregarse bibliografía de autoría de ambos sexos, fomentarase a intervención en clase de todo o alumnado...). Traballarase na identificación e modificación de prexuízos e actitudes sexistas e incidirase no medio para modificalos e promover valores de respecto e igualdade. Deben detectarse as situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías